



Bós Aires, 11 de marzo de 1964.

Consello de Galiza

Señor César Alvajar  
París.

Da nosa meirande estima:

Estes meses do vran teñen a xente un pouco espallada de Bós Aires, de xeito que a nosa correspondenza con vostede viuse un pouco demorada. Agora voltos xa a unha aitividade coase normal, respotamos a súa carta do 13 de febreiro derradeiro.

En primeiro termo vaian os nosos mellores desexos de que teña superados os inconvenientes de saúde que nos refire, que esperamos se vexa axudada pol-os balbordos dunha primaveira xa perta. De acordo co seu pedido mandamos unha credencial para que o seu fillo Xavier o poda reemplazar nas xestións que vostede se vexa impedido de concurrir. Por certo que agora decatámonos que a credencial que lle fixéramos o 5 de maio de 1962 ficara no noso arquivo por un lamentabel erro.

Falamos co representante de Galaxia n-esta cibdade para que lle manden o terceiro tomo do Dicionario, así como que lle remesen periódicamente a Revista de Economía que dita editora vai voltar a publicar. Calquer outra cousa que xulgue mester recibir non deixe de avisarnos para pornos en contaito co dito representante.

Lamentablemente perdéusenos o informe que nos mandou a fin de ano sobor da situación en Hespaña e non podemos atopalo. Cecaís por erro foi desbotado con outros papeis vellos e como consideramos de moito interés ese informe, agradeceríamoslle moito que se fora posible nos fixera chegar unha copia. Tamén temos moito interés en recibir por avión, como impreso, en sobre aberto o atado soio con un fío, para aproveitar a tarifa reducida, os sucesivos números do Boletín Informativo que edita o Centro de Documentación y Estudios de París. Traen información moi interesante e resulta comeñente telo o máis presto posibel para a nosa información e ourentación.

Por eiquí aprestámonos a un novo ano de laboura. Dacordo dos regulamentos do Consello finaron os seus mandatos os conselleiros Antón Alonso Pérez, Daniel Calzado e Bieito Cupeiro, desinándose no seu lugar a Lois Fuentes, Ricardo Flores e Manoel Pedreira. De todo xeito os primeiros siguen vencellados a laboura do Consello a traveso de distintas comisións, desempeñando o señor Antón Alonso Pérez a presidencia da Comisión de Facenda. Tamén se ten resolto que a Segredaría de Coordinación sexa desempeñada por un grupo de tres conselleiros: Manoel Martínez Lamela, Lois Fuentes e Manoel Pedreira, para abranguer máis doadamente as distintas facetas desa laboura. Por un próximo correo mandarémoslle





Bos Aires, 11 de marzo de 1954.

a lista completa de conselleiros neste ano, así como das diferentes comisións que axudan a súa laboura.

Esperamos estar máis a cotío en contaito con vostede para informarlle e informarnos das respectivas tarefas, que esperamos acaden os mellores resultados nesta ano que andamos a vivir.

Un garimoso saúdo de todos estes amigos de aquí.

*[Handwritten signature]*  
Secretaría de Coordinación

*[Faint mirrored text from the reverse side of the page]*

*[Faint mirrored text from the reverse side of the page]*

*[Faint mirrored text from the reverse side of the page]*

*[Faint mirrored text from the reverse side of the page]*

*[Faint mirrored text from the reverse side of the page]*





# Irmandade Galega

Avda. BELGRANO 2186  
Tel. 47-7064  
BUENOS AIRES

Bos Aires, 11 de marzal de 1964.

Señor  
César Alvajar  
Paris.

Da nosa meirande estimanza:

Do Consello de Galiza informáronnos da súa derradeira carta, na que solicita unha credencial para que o seu fillo Xavier poda representar a esta Irmandade naquelas xuntanzas en que vos- tede se atope impedido de concurrir.

De acordo cos seus desexos acompañamos duas credenciaes, unha de elas en galego para ser usada indefectiblemente ante entidades de orixen galego, pois nós facemos do uso de galego unha das premisas básicas nas nosas loitas políticas, non porque coidemos que co uso do idioma estará xa todo resolto na Galiza, senón porque o idioma e un dos atributos esenciaes das nosas características nacionaes e baixo ningún pretexto aceptamos que se claudique de ningún dos carai- teres fundamentaes da persoalidade nacional galega. Como é natural elo imponnos como obriga ineludibel a ouservancia eistricta desa ñorma nas nosas relacións coas demais entidades galegas.

Tamén acompañamos unha versión da credencial en castelán para que eventualmente poda ser usada diante de orgaísmos hespañoes ou de outro caraiter.

Por correo aparte remitímoslle para a Irmandade Galega de ésa os seguintes libros: 6 Hondura y Presencia de Castelao, 6 Fardel de Eixilado, 3 Grandeza y decadencia del Reino de Galicia, 3 Sempre en Galiza, 6 Nosa Terra especial adicado a Castelao, un lote de exemplares da revista literaria portuguesa Seara Nova adicado a Castelao e un lote de Estatutos de Galiza, os que agardamos cheguen sin novidade.

Recibimos un número do Boletín Informativo do Centro de Documentación y Estudios de París, que atopamos moi interesante. Noso desexo sería recibir os seguinte números dese Boletín por avión, co- mo impreso, que ten unha tarifa aérea mais barata. Agradeceríamoslle que nos dixera canto custa eso, para remesarlle o importe axeitado.

Por-a nosa parte desexaríamos ter novas sobor da marcha da Irmandade de París e sobor de todo do quefacer dos galegos que están emigrando a Francia i especialmente a París. Xurdiu algunha entidade que os agrupa? Qué laboura se ten feito para atraelos as labou- ras galegas ou a Irmandade?

Agardamos con interés as súasn noticias i esperamos que as relacións desta Irman- dade con vostede e coas entidades galegas de París podan retomar agora un canle mais intenso, xa que por falla nosa até agora andiveron un pouco descuidadas. Con garimosos saúdos de todos nós, desexámoslle os meirandes éxitos na súa laboura.

Secretario